



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A FUNDACIÓN XAIME QUESADA BLANCO PARA A CESIÓN DE USO DE CADROS PARA A SÚA EXPOSICIÓN NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente xeral do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Presidenta da FUNDACIÓN XAIME QUESADA BLANCO ten previsto formalizar co SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) o instrumento convencional arriba referido con vixencia de dous anos dende a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as condicións de colaboración entre a FUNDACIÓN e o SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) para a cesión de uso, de forma gratuíta, de 22 obras de Xaime Quesada Porto e 3 de Xaime Quesada Blanco para a súa exposición no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase no interese de fomentar o coñecemento da obra pictórica de Xaime Quesada Porto e Xaime Quesada Blanco e participar na súa difusión dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 22 de decembro de 2017.